

VIEIROS

O Condado

ESTE ANO A ACTIVIDADE CHEGA Á SÚA NOVENA EDICIÓN

Entenza, en Salceda de Caselas, celebra esta fin de semana a súa Festa do Cogumelo

O mundo dos cogumelos segue a atraer a multitude de persoas e cada vez son máis os colectivos que organizan actos en torno aos cogumelos. O Grupo Ecoloxista Adenco, do Condado, celebrou durante Outubro e Novembro varios actos nas súas XVI Xeiras Micolóxicas. Agora é a Asociación de Mozos A Turonia a que organiza a IX Festa do Cogumelo.

- 16:57 23/11/2005

O programa de actividades é o seguinte:

O sábado 26 haberá unha saída guiada ao monte para apanhar cogumelos cós que se realizará unha exposición. A saída está prevista para as 15:00h.

O domingo a partir das 11:00h inaugurarase a exposición de cogumelos para as 11:30h escoitar o pregón da Festa que este ano corre a cargo do escritor e director de cine Roque Cameselle e dar paso así á degustación de cogumelos.

O acto estará amenizado pola banda do Centro Cultural do Barreiro.

Unha oportunidade máis para achegarse ao fascinante mundo dos cogumelos, antes de que o frío os esconda até o próximo ano.